

16



## Ollos abertos

### Acontecementos importantes

Todos nós, durante o ano, temos algúns días que non nos esquecen, porque neles sucederon acontecementos que foron importantes para a nosa vida.



#### ■ Velaquí algúns acontecementos importantes

- O día do nacemento ou do santo.
- O primeiro día de colexio.
- O nacemento dun irmanciño.
- Algún éxito no deporte, música, estudos...
- Algunha actuación brillante con premio ou trofeo gañado...
- Unha xornada de excursión.
- Algún susto, enfermidade, accidente...
- A festa patronal...

▶ ¿Que outros acontecementos viviches últimamente?

▶ ¿Cal de todos estes acontecementos che quedou máis gravado? ¿Por que?



## Mirada penetrante

### Recordar acontecementos

De cando en vez recordamos algúns acontecementos importantes da nosa vida. A veces facémolo a propósito; outra veces, sen case darnos conta.

#### ■ Os acontecementos da nosa vida

Recordar os acontecementos da nosa vida axúdanos en diversos sentidos:

- Están na nosa memoria e non os esquecemos. Ao recordalos volvemos a vivilos.
- Mantemos o recordo de persoas que significaron algo na nosa vida.
- Agradecemos o ben que algunhas persoas nos fixeron.
- Aprendemos cousas para seguir vivindo e esforzándonos...

Unha forma de recordar estes acontecementos son as fotos que gardamos e contemplamos con cariño.


- ▶ ¿Sucédenos isto a nós?
- ▶ ¿Hai algunhas fotos que che fai ilusión conservalas e velas varias veces?
- ▶ ¿Por que che axuda contemplalas?



## Oídos atentos

### 1 O ano litúrxico

*A santa Nai Igrexa... no ciclo do ano desenvolve todo o misterio de Cristo, dende a Encarnación e o Nadal ata a Ascensión, Pentecoste e a expectativa da ditosa esperanza e vinda do Señor. Ao conmemorar así os misterios da redención, fáínoos presentes en certo modo, durante todo o tempo, aos fieis para que os alcancemos e nos enchamos da graza da salvación. (SC 102)*




Que celebramos	Tempo litúrxico
Celebramos que Xesús, o Fillo de Deus, se fixo home.	
Preparámonos para a Pascua pedindo perdón polos nosos pecados.	
Recordamos o que sucedeu os primeiros anos da vida de Xesús.	
Celebramos a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús.	
Preparámonos para o nacemento de Xesús.	
Recordamos o que sucedeu despois da Resurrección de Xesús ata a súa Ascensión aos ceos.	
É o tempo normal que transcorre entre os grandes acontecementos da vida de Xesús.	


► Pon despois de cada frase o tempo litúrxico que corresponde.

## ■ 2 ■ A festa da Pascua


1



2



3



► Escribe o número de cada debuxo onde corresponda:

○

○

○

## ■ 3 ■ O domingo



▶ Pon en cada debuxo o número do cadro que corresponda.

**O domingo para os cristiáns é:**

1.

4.

2.

5.

3.

■ **Outras festas**

▶ ¿Que festas da Virxe e dos santos se celebran na túa parroquia?



**Memoria esperta**

**O misterio pascual**

A Igrexa celebra agradecida os acontecementos da vida de Xesús. Invítanos a vivilos durante o ano litúrxico, a Semana Santa, o domingo...



**Mans activas**

**O domingo**

Na nosa vida de cristiáns o Domingo ha de ocupar un lugar central.

As actividades do domingo		Ha de ser un día dedicado a:	
D	<input type="text"/>	•	<input type="text"/>
O	<input type="text"/>	•	<input type="text"/>
M	<input type="text"/>	•	<input type="text"/>
I	<input type="text"/>	•	• <b>Os amigos:</b> Xogar xuntos, dialogar, compartir, comunicarse...
N	<input type="text"/>	•	<input type="text"/>
G	<input type="text"/>	•	• <b>Min mesmo:</b> Descansar, gozar da natureza, deporte, lectura...
O	<input type="text"/>	•	

▶ ¿A cal destas realidades se lle dedica máis atención?

▶ ¿Que nota nos damos no noso xeito de celebrar o domingo?

■ Puntuamos de un a dez o tempo que dedicamos a cada un destes aspectos.

■ Sinalamos despois que podemos facer para mellorar esa puntuación.

Para Deus	Para a familia	Para os amigos	Para min mesmo	Para os necesitados
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>